CONCELLO DE VIGO
Secretaría Xeral

DATA 15/10/2021
REFERENCIA Expte. 3116/1101
ASUNTO

ACHÉGOLLE CERTIFICACIÓN PLENARIA DO 29.09.21

CONCELLO DE VIGO
REXISTRO DE SAÍDA

DESTINATARIO/A
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMÓNS. PUBLICAS E XUSTIZA
San Caetano S/N
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Achégolle certificación plenaria da sesión do 29.09.21, instando a retirada do anteproxecto de "Lei de mellora do Ciclo Integral da Auga", para o seu coñecemento e efectos oportunos.
Am

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Sinatura dixital

Jose Riesgo Boluda

ASINADO POR: REXISTRO XERAL - CONCELLO DE VIGO - CIF P3605700H 15/10/2021 13:02:17 -
ASINADO POR: Secretario Xeral Pleno Da Corporación (José Carlos Riesgo Boluda) 15/10/2021 12:52:08 -
Documento asinado
Documento asinado

ASINADO POR: REXISTRO XERAL - CONCELLO DE VIGO - CIF P3605700H 15/10/2021 13:02:17 -
Documento asinado
ASINADO POR: Secretario Xeral Pleno Da Corporación (José Carlos Riesgo Boluda) 13/10/2021 11:41:20 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 13/10/2021 15:24:40 -
Documento asinado

Concello de Vigo

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 29 de setembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

8.(176). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA Á RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE *"LEI DE MELLORA DO CICLO INTEGRAL DA AUGA"* POR INVADIR A COMPETENCIA E A AUTONOMÍA LOCAL RECOLLIDAS NA CONSTITUCIÓN. REXISTRO PLENO 3116/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de setembro de 2021, número 3116/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O Goberno de Vigo presentou alegacións ao anteproxecto de *"Lei de mellora do Ciclo Integral da Auga"* que está a tramitar o goberno da Xunta de Galicia.

As alegacións céntranse en dous aspectos fundamentais, invade as competencias e a autonomía local e modifica canons xa existentes, e crea outros novos que afectan a auga.

O anteproxecto vulnera a autonomía local ao impoñer aos concellos obrigacións que non lles corresponden, deixan de regular casos como o noso Concello que está a asumir competencias por abandono da Xunta, e a maiores, pretende impoñer aos concellos a forma de xestionar competencias que si son exclusivas dos propios concellos.

No relativo á modificación dos canons, fíxanse de forma arbitraria, sen xustificación e co único propósito de facer caixa. O anteproxecto regula o establecemento de tres taxas de nova creación.

Eses novos canons suporán o incremento da tarifa da auga e, polo tanto, a cuantía que deben pagar os cidadáns. Ademáis, este incremento se pretende facer coa apariencia de que serán as Administracións municipais, ou as súas empresas prestadoras, quenes suben o importe dos recibos pero, en realidade, se trata dunha subida acordada dende a Xunta de Galicia presidida polo Sr. Feijoo.

Este anteproxecto mantén a taxa que supón un sobrecoste de 6 euros en cada recibo das familias de Vigo en concepto de canon da auga. Esto significa unha recadación en Vigo de 6 millóns de euros que se embolsa a Xunta de Galicia sen que os veciños de Vigo recibamos a cambio absolutamente nada.

Especialmente grave é a penalización que se pretende impoñer ao Concello de Vigo

polas perdas nas redes doutros concellos limítrofes.

En suma, é un anteproxecto que prexudica gravemente a este Concello, na liña da Xunta, con respecto a esta cidade, de pretender facer caixa por todos os conceptos posibles sen nada a cambio e sen asumir as súas responsabilidades e competencias que establece o Estatuto de Autonomía de Galicia.

Se o anteproxecto de lei xa é prexudicial por se mesmo para este Concello, e como queira que é de temer as modificacións que se poidan introducir no debate parlamentario, por todo o anterior, proponse ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

ACORDO

- Instar a Xunta de Galicia á retirada do anteproxecto de *"Lei de mellora do Ciclo Integral da Auga"* por invadir as competencia e a autonomía local recollidas na Constitución."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.09.21 (Rex. Nº 3116/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo á data da sinatura dixital.
am

Vº e Pr.
O ALCALDE,

ASINADO POR: REXISTRO XERAL - CONCELLO DE VIGO - CIF P3605700H 15/10/2021 13:02:17 -
ASINADO POR: Secretario Xeral Pleno Da Corporación (José Carlos Riesgo Boluda) 13/10/2021 11:41:20 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 13/10/2021 15:24:40 -
Documento asinado
Documento asinado